



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Servizos sociais e benestar social			Código	652G03014
Titulación	Grao en Educación Social				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Piñeiro Aguiar, Eleder	Correo electrónico	eleder.pineiro.aguiar@udc.es		
Profesorado	Piñeiro Aguiar, Eleder	Correo electrónico	eleder.pineiro.aguiar@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Esta materia trata de formar ao alumnado na complexidade dos Servizos Sociais e o Benestar Social dentro do contexto das políticas sociais. Exponse como obxectivo fundamental a súa capacitación para o estudo das necesidades e demandas, e para a xénese e desenvolvemento de plans, programas e proxectos. Estúdanse o diferentes tipo de Estados do Benestar, as características dos Servizos Sociais dentro das políticas públicas, o marco sociocultural destes servizos sociais, e as demandas de servizos públicos de atención social.</p> <p>As clases desenvolveranse en idioma castelán, aínda que o profesor se compromete a responder en galego ás persoas que prefiran comunicarse nese idioma. Tanto para as comunicacións mediante correo/Moodle, entrega de traballos ou comunicacións na aula o alumnado pode utilizar o galego ou o castelán segundo prefira. Trátase tamén de desenvolver a docencia baixo os parámetros dunha linguaxe inclusiva e incorporando a perspectiva de xénero.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A6	Seleccionar diferentes métodos e técnicas para a planificación e avaliación de programas e servizos.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A19	Asesorar e supervisar programas, planos, proxectos e centros socioeducativos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Con esta materia o alumnado adquirirá as seguintes competencias e habilidades:	A3	B1	C1
	A6	B2	C3
	A8	B3	C4
	A9	B4	C7
	A13	B5	C8
	A19	B6	
* Comprensión da dinámica da Política Social.			
* Comprensión dos conceptos e procesos de Benestar Social e dos Servizos Sociais			
* Adquisición de habilidades nas técnicas de investigación en necesidades e demandas			
* Adquisición de habilidades no manexo de metodoloxías para a planificación social			
* Competencia na elaboración de plans, programas e proxectos de Benestar Social e Servizos Sociais.			
* Competencia nos procesos de intervención social e habilidades para a procura de consenso dos diferentes axentes sociais (públicos e privados) presentes nos mencionados procesos.			
* Comprensión do sistema público de Servizos Sociais en España e Galicia.			
* Competencia e adquisición de habilidades para a posta en marcha de plans para la actuación na exclusión social e a súa prevención.			
* Competencia e adquisición de habilidades no manexo dos indicadores de calidade de vida e no deseño de dinámicas de desenvolvemento socioeconómico			

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1.- Introducción. O Estado, o Benestar e a cuestión social. Modelos de Benestar.	1.1. Introducción e formulacións teóricas. 1.2. Benestar Social e Estrutura Social. 1.3. Política Social e Benestar Social. 1.4. Tipos de estados do benestar: modelo nórdico, continental, anglosaxón e mediterráneo ou do Sur de Europa.
Tema 2.- O sistema público de Servizos Sociais en España e Galicia. O papel das Administracións Públicas, o terceiro sector e o ámbito privado na xestión dos Servizos Sociais.	2.1. Características dos Servizos Sociais en España/Galicia. 2.2. Servizos, prestacións socioeconómicas, equipamentos, centros e entidades prestadoras de Servizos Sociais. 2.3. Lei de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. 2.4. A Lei de Dependencia
Tema 3.-O estudo técnico dos Servizos Sociais: colectivos destinatarios (pobreza, dependencia, muller, familias, inmigración, xitanos, etc.), necesidades e demandas, a planificación dos servizos, a avaliación dos Servizos Sociais.	3.1. Necesidades e demandas sociais. 3.2. Os diferentes colectivos destinatarios dos Servizos Sociais. 3.3. A planificación de Servizos Sociais. 3.4. Avaliación de Servizos Sociais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba de ensaio	A13 B1 B2 B5 C1 C3 C4 C8	9	18	27
Recensión bibliográfica	B1 B6 C7	3	20	23
Sesión maxistral	A3 A8 B1	15	15	30
Traballos tutelados	A6 A9 A19 B3 B4 B5	15	45	60
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías
--------------



Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	Lectura, por parte do/a alumno/a, de textos fundamentais ou relacionados coa asignatura, de entre os indicados polo profesor. Reflexión sobre os contidos comentados na clase e que forman parte do temario. Estes ensaios reflexivos implica a lectura da bibliografía recomendada e teñen un carácter de avaliación continua do estudantado
Recensión bibliográfica	O alumnado deberá presentar unha reseña individual dun libro asignado polo profesor que terá carácter obrigatorio e que versará sobre o Estado do Benestar ou algunha política pública. Na Moodle está subido un listado de libros a escoller por parte do alumnado durante o primeiro mes de curso. Poderase propor algún outro en caso de interese por parte do alumnado.
Sesión maxistral	A explicación por parte do profesor dos contidos da materia na aula denomínase docencia expositiva. As clases apoiaranse en soporte visual que pode ser consultado no campus virtual. As aulas son un espazo para explicar os conceptos e as teorías e formular posibles dúbidas sobre o temario exposto. Durante o curso poderanse realizar seminarios, conferencias, coloquios e xornadas relacionadas con temas obxecto da materia, aos que o alumnado deberá de asistir dentro do horario de clases, aínda que supoña concentrar as horas interactivas nunha única clase. A docencia interactiva ou clases prácticas supón a presenza e participación do alumnado, nos grupos constituídos ao efecto.
Traballos tutelados	Para superar a materia deberase realizar un traballo grupal que analice algún programa ou política dentro do marco dos Servizos Sociais. En ditos traballos búscase consolidar os contidos da materia e o entrenamento en distintas ferramentas metodolóxicas propias das Ciencias Sociais. Para a súa realización empregaranse recursos coma textos relacionados coa asignatura, fontes de datos en Internet ou medios audiovisuais.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba de ensaio	O alumnado, previa cita por e-mail (eleder.pineiro.aguiar), poderá acudir a titorías e resolver as dúbidas que precise sobre o traballo e a materia, as cales se realizarán telemáticamente mediante a plataforma teams.
Recensión bibliográfica	
Traballos tutelados	
	Asemade queda aberta el canal de chat en la Moodle para consultas xerais da materia. O profesor contestará aos correos alomenos dúas veces á semana entre o luns e o venres

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A13 B1 B2 B5 C1 C3 C4 C8	As probas de ensaio consisten na elaboración de varios traballos reflexivos que implican a lectura de textos obrigatorios e que inclúe o traballo feito durante o curso académico. Estes traballos serán entregados ao longo do curso e supoñen a avaliación continua do alumnado. Poden ser tantas tarefas que deben subirse a Moodle nos prazos estipulados como test a desenvolverse en clase. Ambos os tipos de proba serán explicados en semanas anteriores á entrega das mesmas e haberá un calendario de entregas que o alumnado terá dispoñible a primeira semana de clases en Moodle. Ademais da adecuación dos contidos é necesario o cumprimento estrito das datas de entrega e de aspectos formais da mesma. Fundamentalmente é unha metodoloxía de avaliación de contido teórico.	40



Recensión bilbiográfica	B1 B6 C7	<p>Cada alumno/a debe escoller na primeira semana de curso un libro da listaxe facilitada polo profesor en Moodle e acudir con el a todas as sesións expositivas. Ao longo do curso iranse solicitando avances de lecturas do mesmo, as cales teñen un peso do 20% da nota final da materia e desenvolverase mediante un proceso de avaliación continua na aula expositiva. Valorarase a participación en clase e a reflexión ao redor de contidos teórico-prácticos previamente explicados e/ou propostos como lectura obrigatoria.</p> <p>Trátase dunha nota individual na que se valora a capacidade de reflexión, debate e argumentación. Isto leva a obrigatoriedade de asistir ás clases expositivas, algunha das cales podería realizarse de maneira online (1-3 clases ao longo do curso).</p> <p>Ademais diso, convidarase a algunhas persoas especialistas na materia de servizos sociais, para o que deberá asistirse ás súas explicacións e entregar traballos breves de reflexión ao redor das súas charlas.</p>	20
Traballos tutelados	A6 A9 A19 B3 B4 B5	<p>O traballo tutelado terá un valor do 40% da nota global. Este traballo É OBRIGATORIAMENTE en grupo (4-6 persoas) analizarse un programa ou servizo dentro do paraugas dos Servizos Sociais. Recollerá unha serie de apartados: introdución, antecedentes, xustificación, obxectivos, marco teórico, metodoloxía, análise do traballo de campo realizado, conclusións e bibliografía. O formato de entrega é dobre: por unha banda un podcast duns 15-20 minutos de duración; por outra banda un informe técnico (3-5 páxinas) que explique con detalle o proceso de elaboración de devandito podcast.</p> <p>Fundamentalmente é unha metodoloxía de avaliación de contido práctico a desenvolver tanto nas clases interactivas como de maneira autónoma polo alumnado.</p> <p>O profesor escollerá de maneira aleatoria que membros de cada equipo responden as preguntas e comentarios expostos; así mesmo o resto de grupos poderá facer preguntas ao grupo que expoña, para o que as entregas se acordarán nas primeiras semanas de curso co fin de que o conxunto da clase teña acceso ao resto de podcasts dos seus compañeiros/a).</p> <p>Valorarase positivamente que de face á elaboración de traballos e citacións que a maior parte da literatura traballada proveña de autoras mulleres.</p>	40

### Observacións avaliación

O alumnado debe obter polo menos un 4 sobre 10 en cada unha das partes que conforman a avaliación (probas de ensaño, recensións, traballos tutelados) para poder optar a que se sumen de face á nota media final na materia, a cal debe ser polo menos un 5 para un aprobado

Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia o itinerario de avaliación será idéntico que para o resto de alumnado, flexibilizando as cargas de traballo. Deberán presentar o mesmo tipo de traballos e probas e flexibilizarase a entrega do traballo tutelado aceptando a súa elaboración de forma individual. Este alumnado debe comunicar a súa situación antes do 24 de setembro mediante correo electrónico ao profesorado. Caso de non facelo darase por feito que se trata de alumnado a tempo completo.

Para o caso da segunda oportunidade deberá ser presentado un traballo de reflexión teórica de polo menos 30 páxinas, previa tutorización por parte do profesorado das liñas a seguir na súa elaboración. Devandito traballo suporía o 100% da nota.

En caso de optar por avaliación non continua o alumnado debe comunicalo antes do 31 de outubro, sendo os criterios de face á data oficial de exame os mesmos que para os casos de segunda oportunidade.

### Fontes de información



**Bibliografía básica**

- Castro García, C. (2017). Políticas para la igualdad. Catarata
  - Pazos Morán, M. (2015). Desiguales por ley: las políticas contra la igualdad de género. Catarata
  - Miguel Álvarez, A. (2015). Neoliberalismo sexual: el mito de la libre elección. Cátedra
  - Gálvez Muñoz, L. (2016). La economía de los cuidados. DeCulturas
  - Gálvez Muñoz, L. (2013). Desiguales : mujeres y hombres en la crisis financiera. Icaria
  - Hooks, B. (2017). El feminismo es para todo el mundo. Traficantes de Sueños
  - Navarro, V. (2015). Ataque a la democracia y al bienestar : crítica al pensamiento económico dominante. Anagrama
  - Cobo, R. (2017). La prostitución en el corazón del capitalismo. Catarata
  - Sennett, R. (2003). El respeto : sobre la dignidad del hombre en un mundo de desigualdad. Anagrama
  - Castel, R. (2010). El ascenso de las incertidumbres : trabajo, protección, estatuto del individuo. Fondo de Cultura Económica
  - Castel, R. (2004). La inseguridad social : ¿qué es estar protegido?. Manantial
  - Adelantado, J. et alia (2016). Los Estados de Bienestar en la encrucijada : políticas sociales en perspectiva comparada. Tecnos
  - Montagud, T. (2014). Política social: una introducción. Ariel
  - Loach, K. (2013). El espíritu del '45. Paramount
- BIBLIOGRAFÍA BÁSICALecturas. Os/As estudantes terán como textos básicos os seguintes, os cales non son obrigatorios senón recomendables, podendo ampliar a literatura ao longo do curso. Así mesmo poranse a disposición en Moodle outro tipo de materiais en formato de vídeos e/ou presentacións de Power Point. Valorarase positivamente que de face á elaboración de traballos e citacións a maior parte da literatura traballada proveña de autoras mulleres. ·
- ALEMÁN BRACHO, C. y GARCÉS FERRER, J. (Comp.) (1997): ?Política Social?. Ed. McGraw Hill, Madrid..
- Capítulos 2, 3, 7, 8, 11, 12, 16, 17 y 18.· ALEMÁN BRACHO, C. y GARCÍA SERRANO, M. (1999): ?Fundamentos de Bienestar Social?. Ed. Tirant lo Blanc. Valencia. Excepto el capítulo VI.· ALEMÁN BRACHO, C. Y GARCÍA SERRANO, M.: (2005) ?Servicios Sociales sectoriales? Ed. Universitaria Ramón Areces, Madrid· ALEMÁN BRACHO, C. y TRINIDAD REQUENA, A.: (2006) ?Servicios Sociales. Planificación y Evaluación?. Ed. Aranzadi-Civitas; Cizur Menor (Navarra).· ALEMÁN BRACHO, C., ALONSO SECO, J. Mª y FERNÁNDEZ SANTIAGO, P. (2010) ?Dependencia y Servicios Sociales?. Ed. UNED-Navarra· CASADO, D. (2002) ?Manual de Servicios Sociales?. Ed. Polibea, Biblioteca de Intervención y Política Social, Madrid.· CASADO, D Y FONTENOVA F. (coords.) (2007) ?Perfeccionamiento de los Servicios Sociales en España. Informe con ocasión de la Ley sobre autonomía y dependencia" Editorial Polibea. Madrid· CASADO, D. (Coord.). (2011) ?Leyes de Servicios Sociales del siglo XXI?. Estudios FOESSA nº 31. Ed. Fundación FOESSA y Cáritas. Madrid· FERNÁNDEZ GARCÍA, T. y ARES PARRA, A. (coords.) (2002): ?Servicios Sociales: Dirección Gestión y Planificación?. Alianza Editorial, Madrid. · LÓPEZ HIDALGO, J. (1992): ?Los Servicios Sociales?. Ed. Narcea. Madrid.. XUNTA DE GALICIA: (2008): Lei de Servizos Sociais. D.O.G. de 18 de Diciembre de 2008



## Bibliografía complementaria

- Sassen, S. (2015). Expulsiones : brutalidad y complejidad en la economía global . Katz

Bibliografía Xeral ou Complementaria: A parte dos textos que se indicaron como básicos e de carácter xeral para abordar esta materia, acompáñase unha relación bibliográfica que se pode utilizar parcialmente seguindo criterios de racionalidade e oportunidade temática. O feito de suxerir un número relativamente considerable de libros responde ao propósito de que se comence, por parte do alumnado, a contar cun corpo documental que poida ser de interese profesional para o futuro. En calquera caso, os libros sinalados cun asterisco (\*) consideraranse particularmente recomentables para seguir temas da asignatura. - AGUILAR, M.J y ANDER-EGG, E.: (1992): ?Evaluación de servicios y programas sociales?. Ed. Siglo XXI. Madrid. -(\*) ALEMÁN BRACHO, C. y GARCÉS FERRER, J. (Comp.) (1994): ?Legislación Básica sobre Servicios Sociales?. Ed. Tecnos, Madrid. -(\*) ALEMÁN BRACHO, C. y GARCÉS FERRER, J. (Comp.) (1996): ?Administración Social: Servicios de Bienestar Social. Ed. Siglo XXI, Madrid. -(\*) ALEMÁN BRACHO, C. y GARCÉS FERRER, J. (Comp.) (1997): ?Política Social?. Ed. McGraw Hill, Madrid. -(\*) ALEMÁN BRACHO, C. Y GARCÍA SERRANO, M.: (1999) ?Fundamentos de Bienestar Social?. Ed. Tirant lo Blanc. Valencia. -(\*) ALEMÁN BRACHO, C. Y GARCÍA SERRANO, M.: (2005) ?Servicios Sociales sectoriales? Ed. Universitaria Ramón Areces, Madrid -(\*) ALEMÁN BRACHO, C. y TRINIDAD REQUENA, A.: (2006) ?Servicios Sociales. Planificación y Evaluación?. Ed. Aranzadi-Civitas; Cizur Menor (Navarra). - ALONSO OLEA, M.: (1983): ?Instituciones de Seguridad Social?. Ed. Cívitas. Madrid. - ALVAREZ, Mª. C. et al.: (1984): ?Organización y Administración de los Servicios Sociales?. Ed. Humanitas. Buenos Aires. - ANDER-EGG, E. y AGUILAR, M.J.: (1986): ?Administración y ejecución de programas de trabajo social?. Ed. Humanitas. Buenos Aires. - ASHFORDS, D.E.: (1989): ?La aparición de los Estados de bienestar?. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. Madrid. - AZNAR, M. et al.: (1988): ?Descentralización de los Servicios Sociales?. Ed. Acebo. Madrid. - BENATAR, R., FRÍAS, R y KAUFMANN, A.: (1993). ?Gestión de las residencias de la tercera edad?. Ed. Deusto, S.A., Bilbao. - BERGER, P. y LUCKMANN, T.: (1976): ?La construcción social de la realidad?. Ed. Amorrortu. Buenos Aires. - CASADO, D. (1977): ?Cambio de las instituciones de bienestar social en España?. Edic. Marova. Madrid. - (\*) CASADO, D. (2002) ?Manual de Servicios Sociales?. Ed. Polibea, Biblioteca de Intervención y Política Social, Madrid - (\*) CASADO, D. (Coord.). (2011) ?Leyes de Servicios Sociales del siglo XXI?. Estudios FOESSA nº 31. Ed. Fundación FOESSA y Cáritas. Madrid - COHEN, E y FRANCO, R.: (1993): ?Evaluación de proyectos sociales?. Ed. Siglo XXI. Madrid -(\*) COLEGIO NACIONAL DE DOCTORES Y LICENCIADOS EN CC. PP. Y SOCIOLOGÍA: ?Conceptos básicos del bienestar social. Seminario Taxonómico?. Madrid. - COMISIÓN DE SERVICIOS SOCIALES DE LA F.E.M.P.: (1991): ?Las experiencias de trabajo inter-áreas en el ámbito del bienestar social municipal?. Ministerio de Asuntos Sociales. Madrid. - DEL VALLE, J. F. et al.: (2008) ?El acogimiento familiar en España. Una evaluación de resultados?. Mº de Educación Política Social y Deportes. - DÍAZ MÉNDEZ, A. et al.: (1992). ?Gestión sociocultural. La eficacia social?. Comunidad de Madrid. Madrid. - DÍAZ MÉNDEZ, A. et al.: (1993): ?Nueva gestión local?. Ed. Popular. Madrid. - DIEZ COLLADO, J.R.: (1992): ?El bienestar social, concepto y medida?. Ed. Popular. Madrid. - DURKHEIM, E.: (1969): ?Las reglas del método sociológico?. Ed. Schapire. Buenos Aires. -(\*) FERNÁNDEZ GARCÍA, T. y ARES PARRA, A. (coords.): (2002) ?Servicios Sociales: Dirección Gestión y Planificación?. Alianza Editorial, Madrid. - GARCÍA, G.: (1988): ?Los Centros de Servicios Sociales. Conceptualización y desarrollo operativo?. Ed. Siglo XXI. Madrid. - (\*) GARCÍA, G. y RAMÍREZ, J.M.: (1992): ?Los nuevos Servicios Sociales. Síntesis de conceptos y evaluación?. Librería Certeza. Zaragoza. - GARCÍA MARTÍN, J.: (1997): ?Aproximación sociológica a los Servicios Sociales?. Diputación de A Coruña. A Coruña. -(\*) GOMEZ GOMEZ, F.: (2007) ?Intervención Social con Familias?. Ed. McGraw Hill, Madrid. - HILL, R.: (1992): ?Nuevos paradigmas en Trabajo Social. Lo social natural?. Ed. Siglo XXI. Madrid. - (\*) IGLESIAS DE USSEL, J. y MEIL LANDWERLIN, G. (2001): "La política familiar en España". Ed Ariel, Barcelona - INSERSO: (1992): ?Servicios Sociales y Derecho?. Ed. Ministerio de Asuntos Sociales. Madrid - (\*). INSERSO: (1993). ?Plan Gerontológico?. Ed. Ministerio de Asuntos Sociales. Madrid. - JUÁREZ GALLEGU, M. et al.: (1994): ?Política social y familia en el municipio de Madrid. (Una propuesta para la práctica del Trabajo Social)?. Ed. Universidad P. Comillas y Ayuntamiento de Madrid. Madrid. - KAHN, A.J. y KAMERMAN, S.B.: ?Los Servicios Sociales desde una perspectiva internacional. El sexto sistema de protección social?. Ed. Siglo XXI. Madrid. - (\*) LABOA, J.Mª. et al.: (1993): ?Políticas de familia. Perspectivas jurídicas y de servicios sociales en diferentes países?. Ed. Universidad P. Comillas. Madrid. - LAPARRA, M., CORRERA, C., GAVIRIA, M. y AGUILAR, M.: (1989): ?El salario social sudado?. Ed. Popular. Madrid. - LAS HERAS, P. y CORTAJARENA, E.: (1979): ?Introducción al bienestar social?. Ed. Federación Española de Asociaciones de Asistentes Sociales. Madrid. - (\*) LÓPEZ HIDALGO,



J.: (1992): ?Los Servicios Sociales?. Ed. Narcea. Madrid. - MADRUGA TORREMOCHA, I. y MATA LÓPEZ, r.: (1999) ?Las condiciones de vida de los hogares pobres encabezados por una mujer. Pobreza y género?. Ed. Fundación-FOESSA y Cáritas. Madrid. - MARCHIONI, M.: (1987). ?Planificación social y organización de la comunidad?. Ed. Popular. Madrid. - MARCHIONI, M.: (1994): ?La utopía posible. La intervención comunitaria en las nuevas condiciones sociales?. Ed. Bencho. Santa Cruz de Tenerife. - MERINO FERNÁNDEZ, J.V.: (1997) "Programas de animación sociocultural. Tres instrumentos para su diseño y evaluación". Ed. Narcea, Madrid. - MILLAN CALENTI J.C. (comp) Principios de Geriátrica y Gerontología. Ed. McGraw-Hill Interamericana de España, S.A.U.. Madrid 2006. Captº III Sociología de la vejez. - MILLAN CALENTI, J.C. (dir.): Gerontología y geriatría. Valoración e Intervención. Ed. Médica Panamericana. Madrid 2010. - (\*) MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES-INEM (2000) ?Los servicios sociales para mayores de 65 años dependientes y su incidencia en la creación de empleo en Galicia?. - ORDINAS, T. y THIEBAUT, M.P.: (1987). ?Los Servicios Sociales Comunitarios?. Ed. Siglo XXI. Madrid. - PÉREZ SERRANO, G. (Coord.): (1999) ?Modelos de Investigación Cualitativa en Educación Social y Animación Sociocultural. Aplicaciones prácticas?. Ed. Narcea. Madrid. - PÉREZ SERRANO, G.: (2003) ?Pedagogía Social-Educación Social. Construcción científica e intervención práctica?. Ed. Narcea, Madrid. - (\*) QUINTANA CABANAS, J.Mª.: (1994) ?Educación Social. Antología de textos clásicos?. Ed. Narcea. Madrid. - RITTER, G.: (1991): ?El Estado social, su origen y desarrollo en una comparación internacional?. Ministerio de Trabajo y Seguridad Social. Madrid. - SETIEN, M.L.: (1993). ?Indicadores sociales de calidad de vida. Un sistema de medición aplicado al País Vasco?. C.I.S., Madrid. - VARIOS: III Seminario Internacional de Política Social "Gumersindo Azcárate". Ed. Ministerio de Asuntos Sociales; Institución Libre de Enseñanza. Madrid. - VARIOS (1983): ?Los Servicios Sociales y asistenciales en el Estado de las Autonomías. Primeras Jornadas nacionales de estudio del Comité Español para el Bienestar Social?. Ed. Marsiega. Madrid. - VARIOS (1985): ?Sociología y planificación de Servicios Sociales?. Colegio de Doctrs. y Licds. en CC. PP. y Sociología. Madrid - VARIOS (1986): ?Los Servicios Sociales?. Documentación Social. Revista de Estudios Sociales y Sociología Aplicada Nº 64 Ed. Cáritas Española. Madrid. - VARIOS (1986): ?De la beneficencia al bienestar social. Cuatro siglos de Acción social?. Ed. Siglo XXI. Madrid. - VARIOS (1987): ?Metodología para el Trabajo Social?. Documentación Social. Revista de Estudios Sociales y Sociología Aplicada Nº 69. Ed. Cáritas Española. Madrid. - VARIOS (1987): ?Los Servicios Sociales Comunitarios?. Ed. Siglo XXI. Madrid. - VARIOS (1988): ?Bienestar Social en los años 80". Documentación Social. Revista de Estudios Sociales y Sociología Aplicada Nº 71. Ed. Cáritas Española. Madrid. - VARIOS (1989): ?¿Bienestar Social en España??. Institut de Treball Social i Serveis Socials. Barcelona. - VARIOS (1991): ?Bienestar Social y desarrollo de los derechos sociales?. Ed. Fundación Friedrich Ebert. Salamanca-Valladolid. - VARIOS (1993): ?Nueva gestión local. Modernización municipal en Alcobendas?. Ed. Popular. Madrid. - VARIOS (1994): ?Informe sociológico sobre la situación social en España?. Ed. Fundación FOESSA. Madrid. - VARIOS (1994): ?La pobreza en España, hoy?. Documentación Social. Revista de Estudios Sociales y Sociología Aplicada Nº 96. Ed. Cáritas Española. Madrid. - VARIOS (2000): ?Dimensiones económicas y sociales de la familia?. Fundación Argentaria. - WEBER, M.: (1984): ?Economía y Sociedad. Esbozo de sociología comprensiva?. Fondo de Cultura Económica. Méjico. - XUNTA DE GALICIA: (1993): Lei de Servizos Sociais. D.O.G. de 23 de Abril de 1993. - XUNTA DE GALICIA: (2008): Lei de Servizos Sociais. D.O.G. de 18 de Diciembre de 2008- XUNTA DE GALICIA: ?A Renda de Integración Social en Galicia?.- XUNTA DE GALICIA: (1997): Normativa Galega de Servizos Sociais. Entidades e Centros. Consellería de Sanidade e Servizos Sociais. Dirección Xeral de Servizos Sociais. Santiago de Compostela.



## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Socioloxía/652G03005

Intervención en contextos familiares de risco/652G03015

Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Técnicas de recollida e análise da información/652G03026

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa/652G03002

Tecnoloxías da información e a comunicación social/652G03009

Educación de menores en desprotección e conflito social/652G03016

Animación e xestión sociocultural/652G03017

Educación de persoas adultas e maiores/652G03018

Educación e medios de comunicación social/652G03037

### Materias que continúan o temario

Socioloxía/652G03005

Pedagogía social/652G03006

Métodos de investigación/652G03019

Métodos de avaliación de programas/652G03023

Técnicas de recollida e análise da información/652G03026

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías